

Praza número / Plaza número: **25/16002**Número de prazas / Número de plazas: **1**Categoría: **Profesor/a Axudante Doutor/a / Profesor/a Ayudante Doctor/a**Dedicación: **Tempo Completo / Tiempo Completo**Área de coñecemento / Área de conocimiento: **Construcións Arquitectónicas / Construcciones Arquitectónicas**Departamento: **Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas / Construcciones y Estructuras Arquitectónicas, Civiles y Aeronáuticas**Centro: **Escola Técnica Superior de Arquitectura / Escuela Técnica Superior de Arquitectura****PROPOSTA DA COMISIÓN / PROPUESTA DE LA COMISIÓN**

Despois de constituírse a comisión que se designou para o efecto, segundo a acta que se acompaña e unha vez que se examinaron e valoraron os méritos e circunstancias que concorren en cada unha das persoas aspirantes ao concurso que arriba se indica, esta comisión acorda por ☒ **UNANIMIDADE** / ☐ **MAIORÍA** facer a seguinte proposta de asignación da praza, pola orde de prioridade que se indica:

Después de constituirse la comisión designada al efecto, de acuerdo con el acta que se acompaña y una vez examinados y valorados los méritos y circunstancias que concurren en cada una de las personas aspirantes al concurso arriba indicado, esta comisión acuerda por ☒ **UNANIMIDAD** / ☐ **MAYORÍA** hacer la siguiente propuesta de asignación de la plaza, en el orden de prioridad que se indica:

Nº. de orde Nº. de orden	Apelidos e nome Apellidos y nombre	Puntuación
1	Bote Alonso, Inmaculada	41,658
2	Prieto González, Nuria	36,926
3	De la Rosa García, María del Pilar	34,094

En A Coruña, a 12 de decembro do 2025 / En A Coruña, a 12 de diciembre del 2025

A presidencia da comisión / La presidencia de la comisión

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation_csv: 6DIQP72VKEQJON5HA7EU02EE
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad da Coruña. Fecha de creación: 17/12/2025 13:48:01. Página 2 de un total de 4 página(s).

[illegible]

Asdo.Fdo.: Franciso Javier López Rivadulla



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Praza número: **25/16002**

Número de prazas: **1**

Categoría: **Profesor/a Axudante Doutor/a**

Dedicación: **Tempo Completo**

Área de coñecemento: **Construcións Arquitectónicas**

Departamento: **Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas**

Centro: **Escola Técnica Superior de Arquitectura**

INFORME DO REPRESENTANTE SINDICAL

Carlos Losada Pérez

como representante do colectivo de traballadores na praza descrita na cabeceira, e seguindo a Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada en Consello de Goberno de 7 de novembro do 2024, que no seu punto 9.2. establece que nas prazas de profesorado laboral incluírase un informe do representante sindical, asino o presente informe.

- ☐ Favorable co procedemento seguido pola Comisión de Selección
- ☒ Desfavorable co procedemento seguido pola Comisión de Selección

Na Coruña, a 15 de decembro do 2025

O/A representante sindical



Praza número: **25/16002**

Número de prazas: **1**

Categoría: **Profesor/a Axudante Doutor/a**

Dedicación: **Tempo Completo**

Área de coñecemento: **Construcións Arquitectónicas**

Departamento: **Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas**

Centro: **Escola Técnica Superior de Arquitectura**

INFORME DO REPRESENTANTE SINDICAL

1 Criterios de afinidade na praza propostos polo tribunal

O tribunal, composto exclusivamente por arquitectos, encárgase de realizar a valoración dos méritos dos candidatos para cubrir necesidades docentes da área de Construcións arquitectónicas (CA) do Grao en Arquitectura Técnica, segundo declarou o Director do Departamento.

As áreas afíns propostas son: Proxectos Arquitectónicos (PA), Expresión Gráfica Arquitectónica (EGA), Urbanismo e Ordenación do Territorio (UOT) e Composición Arquitectónica (CA).

A área de Mecánica dos Medios Continuos e Teoría de Estruturas (MMCyTE) non se considerou afín cando é a área de maior afinidade segundo consta en Xescampus, tanto no GAT (Grao en Arquitectura Técnica) como no GEA (Grao en Estudos de Arquitectura), ademais de formar parte do mesmo departamento que o área da praza. Tampouco se considerou afín a área de Enxeñaría da Construción (IC), cando é evidente que comparten contidos e capacidades formativas.

Apréciase que este criterio tivo como resultado minusvalorar aos candidatos titulados en Arquitectura Técnica e Enxeñarías, tanto na parte de investigación, considerando artigos de relevancia científica ao 10% por ser de Estruturas, como na parte de docencia, na que a docencia de 5 anos equipárase a 6 meses. Pola contra, mellorou a valoración dos candidatos Arquitectos, cun mínimo do 50% por afinidade.

Como manifestei no acto de constitución, este criterio só vai encamiñado a eliminar os perfís técnicos (Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros) e efectuouse de maneira deliberada e consciente.

2 Procedemento de posta en común

A posta en común foi o martes 9 de decembro, durante 30 minutos de explicación dos dous docentes da UDC. O secretario e o presidente compartiron na pantalla unha táboa coas puntuacións que foron lendo. Un dos membros do tribunal solicitou tempo para ver os expedientes e recibiu a insistencia dos docentes da UDC para finalizalo. Transmitida a necesidade de supervisión, déronlles de prazo ata o xoves 11 de decembro, ás 10 da mañá, para que manifestasen a súa conformidade coas valoracións. Segundo consta na convocatoria, o tribunal tiña 15 días hábiles máis outros 8 días de prórroga para resolver a praza. Este remataba o venres 12 de decembro. Non se reuniron nas catro semanas anteriores e deixárono para a última sen programar nin sequera un tempo razoable de posta en común. Non entregaron o Excel e apenas deu tempo para tomar algunhas anotacións durante a sesión.

As valoracións foron realizadas unicamente polos profesores da UDC e non se lle deu oportunidade aos outros tres membros do tribunal de participar no proceso.

3 Experiencia Laboral

Na sesión de posta en común unicamente discutiuse a experiencia laboral de dúas candidatas: Nuria Prieto e Pilar de la Rosa, recibindo 58 puntos e 21 puntos, respectivamente sobre 100 neste apartado.

O representante dos traballadores comenta que a candidata Nuria Prieto non presenta ningún contrato laboral, só o informe de vida laboral no que figura como autónoma e un informe dun arquitecto que manifesta que estivo colaborando con el. Insiste en que non hai evidencias dun traballo efectivo, e que o seu traballo como autónoma require documentación oficial.

Doutra banda, informa que a outra candidata, Pilar de la Rosa, presenta contratos laborais da súa actividade profesional, e certificado do seu traballo como profesora de institutos de ensino secundario e bacharelato. Só se tivo en conta a súa experiencia profesional en empresas de construción.

O representante dos traballadores manifesta que a normativa considera a docencia regulada non universitaria valorable neste apartado, feito que non se ten en conta polo tribunal.

Na Coruña, a 15 de decembro do 2025

O/A representante sindical